


FOTOS: Martiño Pinal



Lucía, Aldara e Laura, moi atentas durante a actividade.



Ainhoa, Carmen, Laura e Nerea durante a celebración.



Sandro e Benjamín tamén se sumaron á iniciativa.



Un grupo de escolares do Divino Maestro leron uns manifestos que eles mesmos elaboraron.




O grupo de alumnos durante a proposta educativa realizada ó aire libre.



Marcio, Sandro, Álex e Marcos non perderon detalle.



Ían, Claudia e Breogán seguiron con atención a actividade.



Tampouco faltaron á cita Raúl, Mateo e Simón.

Placa conmemorativa no Día da Árbore

Os alumnos do colexio ourensano Divino Maestro compartiron unha actividade educativa

Despois da plantación dunha árbore na Alameda da cidade, a Concellería de Educación continuou co programa de actividades para conmemorar o Día da Árbore cunha proposta educativa no colexio Divino Maestro.

Na iniciativa participaron 50 nenos e nenas do centro acompañados polos seus mestres. Entre todos os participantes plantaron unha árbore, descubriron unha pla-

ca conmemorativa desta festividade e leron unha serie de manifestos elaborados para a ocasión.

Durante esta xornada na que se rompeu o ritmo habitual das clases, os escolares, ademais de divertirse, aprenderon moitas cousas interesantes relacionadas con esta celebración e coa importancia de coidar o medio ambiente e nesta ocasión e moi especialmente a súa flora.